

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE POLÍTICA DE EMPREGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Raquel M^a Souto García, Xerente
José González Groba, Vicexerente de Recursos Humanos
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS
Margarita González Hernández, Xefa da Sección de Emprego e Programas (Secretaria)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG)

COMITÉ DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

María Luisa Magaz Ledo (CCOO)
Pablo Álvarez Rodríguez (UXT)
Carlos Mollinedo Lois (CIG)

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

Xoan Cebro Rodríguez (CIG)
Henrique Macías Cambra (CIG)
Estefanía Varela Méndez (UXT)

Acta da reunión celebrada ás 12:15 horas do 28 de novembro de 2018, na sala de reunións da Xerencia coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta do 3 de abril de 2014.
2. Informe necesidades área TIC fóra RPT
3. Informe das contratacións realizadas por riba da RPT no ano 2018.
4. Informe sobre outras situacións extraordinarias.
5. Rogos e preguntas.

1. APROBACIÓN DA ACTA DO 7 DE NOVEMBRO DE 2013.

Acéptase a alegación formulada por Luis Pérez Gómez e se aproba a acta.

2. INFORME DAS NECESIDADES NA ÁREA TIC FÓRA DA RPT.

A Xerente informa de que na área TIC está sen executar a RPT aprobada en 2016 por mor da paralización do concurso de responsables á espera da resolución xudicial, polo que o Director da Área solicita que se reforcen os efectivos existentes mediante a contratación por riba da RPT anterior de 3 postos na categoría de TETIC e 1 posto de TSTIC con xornada partida.

Pablo Álvarez, a raíz da consulta que lle fixo un traballador, quere manifestar que os postos da área TIC non cumpren coa normativa vixente ao depender todos de Servizos Centrais cando deberían estar cada un asignado a súa área para que no concurso de traslados o persoal participante puidese solicitar cambios en funcións das tarefas que se realizan en cada área.

Luis Pérez quere deixar constancia de que a RPT de 2016 está executada parcialmente, xa que os postos de Dirección e Subdirección están provistos conforme o aprobado, ademais o persoal adscrito á área TIC está realizando tarefas que non se corresponden coa estrutura da anterior RPT, e que o problema radica en non coñecer que persoas traballan en cada subárea TIC.

Os membros dos Comités e da Xunta PAS agradecen que se reúna esta Comisión despois de tanto tempo e manifestan a súa intención de chegar a acordos; tamén indican que non están claros os pedimentos para a contratación dos 3 TETIC, e que o TSTIC debería ter xornada partida. En relación á quenda, Marisa Magaz indica que a Subdirectora da área TIC lle traslada que é necesario para dar cobertura a necesidades que xorden en horario de tarde e que non se poden solventar na actualidade por falta de persoal. Os restantes membros dos Comités non comparten esta visión.

A Xerencia indica que volverán falar co Director da área TIC para concretar mellor as necesidades de contratación de TETIC, xa que parece que en vez de realizar contratos fóra de RPT poden ser contratos de substitución de traballadores desa categoría que no momento actual están desenvolvendo tarefas de categoría superior.

3. INFORME DAS CONTRATACIÓNS REALIZADAS POR RIBA DA RPT NO ANO 2018.

O Vicexerente informa que se autorizou dita contratación dun Técnico Especialista en Medios Audiovisuais, de mañá na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra, durante o curso académico coa idea de crear unha unidade de medios audiovisuais para atender as necesidades do Campus de Pontevedra. Os representantes dos comités indican que tamén deberá crearse no Campus de Ourense e Carlos Mollinedo sinala que parecera que esta contratación se fixo para favorecer a un traballador que causa problemas na quenda de tarde, polo que agora o servizo prestado na quenda da mañá non é de calidade. Os representantes da CIG nos comités indican que ao ser un posto excluído da RPT non podía ter sido ofertado a un traballador fixo por ter solicitado o cambio de quenda, senón que correspondía realizar un contrato utilizando a lista de espera de dita categoría. Margarita González, informa que a cobertura de postos tanto dentro como fora da RPT se ofertan, primeiramente, a aqueles traballadores fixos que teñan solicitado un cambio de quenda ou traslado e despois ao persoal das listas de espera, e que esta é unha práctica que xa se ven realizando dende hai tempo a instancias dos representantes dos traballadores.

O Vicexerente indica que xa en anos anteriores se aprobara a contratación fóra da RPT dunha persoa para este posto.

Luis Pérez considera que a duración deste contrato ocupa á maior parte do ano e que isto pode ocasionar problemas á empresa nos xulgados.

Xan Cebro solicita á xerencia o envío da documentación das reunións xunto coa convocatoria e tamén propón para axilizar as contratacións fóra da RPT que se trasladen as necesidades de contratación á Xunta PAS e aos Comités para que se están de acordo ir só a dar conta a esta comisión.

Luis Pérez non está de acordo con esta proposta e solicita que as prazas fóra de RPT se traten sempre na reunión da comisión.

A Xerenta indica que a súa intención é facer o menor número posible de contratacións fora da RPT.

4. INFORME SOBRE OUTRAS SITUACIÓNS EXTRAORDINARIAS

O Vicexerente explica que a Xerencia creou un negociado de Rexistro no Campus de Torrecedeira para resolver o cambio de posto a unha funcionaria do subgrupo A2 recomendado por un informe médico; esta cobertura realizarase mediante adscrición provisional cunha duración inicial dun ano, ao remate do cal se revisará a situación da funcionaria.

Tamén informa que a Xerencia e a Xunta PAS asinaron un acordo para para a cobertura de postos do subgrupo A2 da RPT mediante o nomeamento de funcionarios interinos, concretamente dos postos vacantes tras o concurso de méritos de 2017 ou por causa de comisión de servizos ou baixa temporal das persoas titulares. Ao seu abeiro elaborouse unha lista de espera con persoal funcionario de carreira que participou e superou o primeiro exercicio na promoción do ano 2008 (2 persoas) e do ano 2006 (4 persoas), e se cubriron xefaturas de Sección A1/A2 nos servizos de Contabilidade, PDI, Retribucións (ninguén a aceptou) e Apoio á Investigación; que neste último, o seu xefe instou posteriormente que non se incorporase a persoa posto que consonte o reparto de funcións derivado da nova RPT dito posto carecía de carga de traballo suficiente.

Xan Cebro comenta que o acordo e o modelo de actuación neste caso derívase dunha falta de funcionarios de carreira do subgrupo A2, que é unha solución transitoria ata que se convoque e resolva o proceso de promoción interna.

Luis Pérez pregunta se se lles volverían ofertar outras posibles vacantes ás persoas que rexeitaron estas ofertas e a Xerenta contesta afirmativamente.

O Vicexerente explica que naquelas unidades nas que se incorporaron persoas tras baixas de longa duración con dereito a gozar de vacacións do ano anterior, autorizouse a cobertura destes períodos polas persoas que xa estaban realizando as substitucións, co obxecto de evitar disfuncións no funcionamento de ditas unidades.

Informa tamén que se aceptou a renuncia a unha comisión de servizos, separándose do criterio seguido pola Xerencia ata agora, por considerar a actual que convén ser menos taxativos; a quen renuncie non se lle ofrecerá outra comisión de

servizo por un período de tres meses. A Xerenta indica que é consciente de que a Universidade de Vigo é unha administración pequena e que a aceptación habitual deste tipo de pedimentos ocasionaría importantes distorsións, e que pretende negociar un acordo sobre as comisións de servizos.

Xan Cebro informa que a Xunta de PAS enviará un borrador sobre a tramitación das comisións de servizos e outros temas para poder chegar a acordos coa Xerencia.

Luis Pérez pregunta pola situación do pedimento dunha praza de ATSX por riba de RPT para o Edificio de Ferro e unha praza de xefe de negociado no ámbito económico para a Vicerreitoría de Ourense.

A Xerencia indica que non teñen constancia do pedimento do ATSX e que considera que se debe reforzar a área económica, pero este asunto se tratará o vindeiro ano.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Xan Cebro solicita que se reúna a comisión de seguimento de selección e xestión de listas de espera para facer interpretación da base na que se indica que ao persoal laboral temporal ou funcionario interino en postos vacantes se lle podan ofertar outras vacantes, xa que esta situación xera moitos problemas nas unidades de traballo.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 14:25 horas, da que como Secretaria redacto esta acta.